



**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
INDUSTRIA**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) creouse a través da Lei 3/1999, do 11 de marzo. Na exposición de motivos desta lei destácanse algúns aspectos que definen o marco enerxético e o valor estratéxico deste sector económico. A dita exposición incide en que a utilización racional da enerxía é un factor chave na competitividade empresarial e na calidade de vida dos cidadáns, e que é necesario e obrigado harmonizar o uso dos recursos enerxéticos e o respecto ambiental, así como diversificar as fontes enerxéticas para diminuír, na medida do posíbel, a dependencia exterior.

A configuración legal do Inega é a dun ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, dos previstos no artigo 12.1 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Está adscrito á consellería competente en materia de enerxía, a Consellería de Innovación e Industria, e suxeito nas súas actividades aos programas e ás directrices xerais da Xunta de Galicia, pero con autonomía funcional para realizar planificación enerxética, estudos, actividades formativas e xestión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, que teñan que ver co ámbito enerxético e destinados tanto a empresas, coma a outros organismos da administración, institucións sen fins de lucro e particulares.

Os obxectivos deste instituto son, segundo o artigo 2 da Lei, o fomento e o pulo de iniciativas para a mellora da investigación enerxética en Galicia, o estudo e o apoio de actuacións para o seu coñecemento, o desenvolvemento e aplicación de novas tecnoloxías, incluídas as renovábeis, a mellora do aforro e a eficiencia, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos eidos económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propor á consellería competente en materia de enerxía plans e programas.
- Promover e, de ser o caso, executar os proxectos indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar as instalacións de produción, conducción, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguri-

dade das instalacións.

- Propoñer disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política enerxética.

- Desenvolver programas de asesoramento enerxético e auditorías para fomentar o aforro e mellora da eficacia enerxética, así como elaborar proxectos de racionalización do uso da enerxía e aproveitamento dos recursos enerxéticos.

- Fomentar e participar en proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens e servizos relacionados coa enerxía.

- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos -de orixe interna-, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovábeis e de coxeración.

- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.

- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.

- Orientar aos usuarios nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas específicas.

- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e os programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.

- O Inega poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica que, en relación coas materias da súa competencia, se lle encomende ou lle competa ao Instituto no marco desta lei.

## DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN.

Onde estamos

Coa sinatura no ano 2006 dos convenios co Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, IDAE, mediante os cales este ente público empresarial do Estado achega financiación para realizar acutacións no eido do aforro e a eficiencia enerxética e tamén

das enerxías renovables; o Inega, do mesmo xeito que acontece noutras comunidades coas súas respectivas axencias enerxéticas, pasa a xestionar un volume elevado de fondos estatais, o que tamén supón un incremento do volume de traballo no instituto.

Como consecuencia do anterior, dende o ano 2007 o Inega é o organismo encargado de publicar e xestionar a resolución de axudas de aforro e eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables en réxime de concorrencia competitiva, que antes realizaba a Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas. Este feito supuxo un aumento considerable no orzamento do Inega, sen que teña mudado o número de efectivos postos a disposición do ente. Ademais, dende o exercicio 2008, os fondos que cobren estas axudas son fondos Feder, o que conleva unha problemática adicional na realización das resolucións e no proceso de xustificación e comunicación á Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios.

En concreto, para o período 2008-2012 asínase un convenio marco de colaboración entre o Inega e o IDAE, para a definición e posta en práctica das actuacións consideradas no Plan de acción 2008-2012 (PAE4+) da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España. A subscrición deste convenio marco foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 19 de xuño de 2008. Este convenio marco asígnalle á Comunidade Autónoma de Galicia o 6,53% do total dos recursos económicos postos a disposición das Comunidades Autónomas polo IDAE en cada anualidade. A cantidade asignada anualmente a Galicia representará o 77% do orzamento total, e o 23% restante será achegado pola Comunidade Autónoma.

Unha boa parte destes fondos achegados polo IDAE destínanse á concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a fomento das enerxías renovables e aforro enerxético, que se materializaron en: Resolución do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2010, cofinanciadas polo Feder no marco do programa Feder- Galicia 2007-2013 e ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 18 de maio de 2010 (DOG 14 de xullo) e na Resolución do 21 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2010, cofinanciadas polo Feder no marco do programa Feder-Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria (DOG 28 de xullo), e que tamén inclúen os fondos destinados a tal efecto pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais destas resolución de subvencións, o Inega encárgase de xestionar outras axudas dirixidas a sectores concretos en réxime de concorrencia non competitiva, como son: o plan renove de electrodomésticos, o plan renove de caldeiras, o plan renove de fiestras, o plan renove de vehículos, o plan renove de iluminación, o plan renove de climatización así como numerosos convenios con concellos, Administración Autonómica e

empresas privadas para a realización de auditorías enerxéticas e outras actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética.

Por outra banda, no ano 2009 apróbase a Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG 29 de decembro), e que se recada por primeira vez no exercicio 2010, sendo o Inega o ente encargado da xestión e recadación do canon. Isto implica afrontar a realización dunha serie de actividades que antes non se viña realizado e que supón unha importante carga de traballo, pois fai necesario a elaboración e actualización do rexistro de parques eólicos, elaboración aplicación informática, o seu mantemento, comunicacións aos suxeitos pasivos e control e seguimento do pago do canon.

Tamén hai que mencionar que coa entrada en vigor da directiva comunitaria 2002/91/CE relativa á eficiencia enerxética obriga aos estados membros da Unión Europea a desenvolver medidas concretas que garantan a mellora da eficiencia enerxética nos edificios. Esta directiva foi trasposta mediante o Real Decreto 314/2006 polo que se aproba o Código Técnico de la Edificación (CTE), o Real Decreto 1027/2007 polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas (RITE) e o Real Decreto 47/2007 polo que se aproba o procedemento básico de Certificación enerxética de edificios de nova construción. Este último establece a obrigatoriedade de poñer a disposición dos compradores ou usuarios dos edificios un certificado de eficiencia enerxética, co fin de favorecer a promoción de edificios de alta eficiencia enerxética e os investimentos en aforro de enerxía.

Como desenvolvemento desta normativa, publicouse o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia, que crea no artigo 4 un rexistro de certificados de eficiencia enerxética de vivendas. O desenvolvemento do procedemento, organización e funcionamento deste rexistro regúlase na Orde de 3 de setembro de 2009, e será xestionado polo Inega. Esta orde da opción á inscrición presencial ou telemática, co cal debería habilitarse algunha ferramenta que posibilite esta segunda opción,

#### Que condicionantes nos afectan

Consecuencia de todo a anteriormente exposto, hai un aumento considerable de novas actividades a realizar polo INEGA, que con anterioridade non facía, sen que isto se vira compensado co aumento da plantilla de persoal e dos medios materiais asignados. O aumento da carga de traballo asumida polo Inega foi exponencialmente superior aos medios cos que conta, pois ademais da dedicación do factor humano, hai que ter en contra que unha xestión axeitada das novas función asumidas, implica ter uns medios materiais que nos permitan tramitar en tempo e forma, e hoxe en día isto significa ter unhas aplicacións e equipos informáticos á altura das necesidades operativas. Ademais estas novas actividades na súa maior parte significan uns ingresos importantes para as arcas da Comunidade Autónoma, estamos a falar aquí da recadación do canon eólico con máis de 23 millón de

euros e as taxas pola inscrición da certificación enerxética de edificios..

Onde queremos chegar

Realizar unha xestión das subvencións áxil e sinxela para o cidadán, utilizando as novas tecnoloxías que nolo poden permitir, así: a presentación de solicitudes por parte do solicitante para as subvencións ou certificación enerxética de edificios, a consulta do estado da solicitude, o taboleiro electrónico para as emendas ou resolucións, etc. Igualmente é importante a utilización das novas tecnoloxías para a presentación de declaracións de modificacións do parques eólicos e autoliquidación do canon...

### I.1.1. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
Código	Descrición do obxectivo xeral	Criterio de ordenación (art. 1 da Orde do 18 de maio, instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da C.A.)
A	Recadación do canon eólico e xestión e actualización do Rexistro de parques eólicos	d) Promover a sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial e) Acadar unha administración eficiente e cercana ao cidadán
B	Posta en marcha do Rexistro de certificación enerxética de edificios	d) Promover a sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial e) Acadar unha administración eficiente e cercana ao cidadán
C	Incrementar a potencia subvencionada en aforro e eficiencia enerxética	b)Consecución da dinamización económica d) Promover a sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial e) Acadar unha administración eficiente e cercana ao cidadán
D	Incrementar a potencia subvencionada en enerxías renovables	b)Consecución da dinamización económica d) Promover a sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial e) Acadar unha administración eficiente e cercana ao cidadán
E	Xestión dos recursos dos convenios IDAE	b)Consecución da dinamización económica d) Promover a sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial

### I.1.2. OBXECTIVOS OPERATIVOS

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia
AA	Recadación do canon eólico	126 parques	733A
AB	Actualización do Rexistro de parques eólicos coas novas altas, baixas e modificacións	-	733A
BA	Rexistro de certificación enerxética de edificios	1.000 rexistros	733A
CA	Incrementar a potencia subvencionada en aforro e eficiencia enerxética en instalacións térmicas de alta eficiencia: bombas de calor xeotérmicas, bombas de calor aire-aire, aire-auga	900 kW, 75 proxectos	733A
CB	Mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público	40 actuacións	733A
DA	Incrementar a potencia subvencionada en enerxía solar térmica e fotovoltaica	3.270 kW, 290 proxectos	733A
DB	Incrementar a potencia subvencionada en caldeiras de biomasa e biogás	19.000 kW, 510 proxectos	733A

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
EA	Resolución axudas con fondos IDAE (aforro e renovables)	-	Fondos IDAE.
EB	Plans renove de electrodométicos, fiestras, equipos de climatización, vehículos, iluminación	13.200 equipos substituídos	
EC	Convenios con concellos, cursos de eficiencia enerxética e outros	-	
XA	Outros obxectivos	Funcionamento do instituto	733A

### I.1.3. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe	(1)	(2)
001AA	Recadación do canon eólico	70.000	Non	Non
001AB	Actualización do Rexistro de parques eólicos coas novas altas, baixas e modificacións	160.000	Non	Non
001BA	Rexistro de certificación enerxética de edificios	100.000	Non	Non
001CA	Incrementar a potencia subvencionada en aforro e eficiencia enerxética en instalacións térmicas de alta eficiencia: bombas de calor xeotérmicas, bombas de calor aire-aire, aire-auga	1.035.770,00	Non	Non
001CB	Mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público		Non	Non
001DA	Incrementar a potencia subvencionada en enerxía solar térmica e fotovoltaica	1.142.919,00	Non	Non
001DB	Incrementar a potencia subvencionada en caldeiras de biomasa e proxectos de biogás	1.392.931,00	Non	Non
001EA	Resolución axudas con fondos IDAE (aforro e renovables)	6.700.000	Fondos IDAE	
001EB	Plans renove de electrodométicos, fiestras, equipos de climatización, vehículos, iluminación	4.585.200		
001EC	Convenios con concellos, cursos de eficiencia enerxética e outros	3.392.451		
001XA	Outros obxectivos	2.750.000	Non	Non

(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.  
(2)Actuación de fomento do I+D+I.

### I.1.4. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS									
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión			
Código	Descrición	(1)	(2)	2009	2010	2011	2012	2013	2014
		SI/NON	SI/NON						
...	...	...	...	...	...	...	...	...	...
			TOTAL						

(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.  
(2)Actuación de fomento do I+D+I.



## I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

### I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

#### INGRESOS

##### *Ventas e explotación de servizos*

É unha parte pequena da actividade do instituto, limitándose á dirección técnica do parque eólico experimental de Sotavento, do que o Inega posúe o 30,5% do capital social. Dentro das tarefas asociadas a esta dirección técnica están as de xestión e explotación do parque eólico, estudos de compatibilidade electromagnética, balance enerxético do parque e calidade de onda, etc. A cantidade a percibir por estes servizos ascende aproximadamente a 140.000 euros.

##### *Subvencións de explotación recibidas*

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	9.399.029,20	11.208.596,62	12.500.000,00	12.700.000,00	13.000.000,00
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2.166.736,80	1.522.210,06	2.200.000,00	2.500.000,00	2.650.000,00
DA UNIÓN EUROPEA	159.675,35	-84.846,74	0,00	50.000,00	100.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>11.725.441,35</b>	<b>12.645.959,94</b>	<b>14.700.000,00</b>	<b>15.250.000,00</b>	<b>15.750.000,00</b>

#### GASTOS

##### *Gastos de persoal*

GASTO PERSONAL	Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	36,0	1.709.577,7		47.488,3	
ESTIMADO	2010	37,0	1.850.000,0	8,2%	50.000,0	5,3%
	2011	39,0	1.900.000,0	2,7%	48.717,9	-2,6%
PREVISIÓN	2012	40,0	1.950.000,0	2,6%	48.750,0	0,1%
	2013	41,0	2.050.000,0	5,1%	50.000,0	2,6%

### Servizos exteriores

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
C1	ALUGUERES E CÁNONES	11.108,37	150,30	200,00	200,00	200,00
C2	MANTEMENTO E REPARACIÓNS	49.791,93	15.000,00	16.000,00	18.000,00	20.000,00
C3	SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	16.256,30	38.765,25	40.000,00	40.000,00	40.000,00
B1	ESTUDOS E PROXECTOS	81.000	69.483	50.000	50.000	50.000
C4	TRANSPORTES	294,72	500,00	500,00	500,00	500,00
C5	SEGUROS	5.932,37	6.000,00	6.500,00	7.000,00	7.500,00
C6	SERVIZOS BANCARIOS	19,28	50,00	50,00	50,00	50,00
C7	PUBLICIDADE E PROPAGANDA	5.987,61	7.000,00	9.000,00	10.000,00	12.000,00
B2	PARTICIPACIÓN EN XORNADAS, FOROS	18.497,12	32.551,49	37.750,00	40.000,00	45.000,00
C8	SUBMINISTROS	29.523,02	35.000,00	40.000,00	45.000,00	50.000,00
C9	COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS	207.820,55	220.000,00	250.000,00	250.000,00	275.000,00
C10	GASTOS FINANCIADOS POLO I.D.A.E.	1.049.195,70	825.499,96	905.000,00	889.250,00	899.750,00
	TOTAL	1.475.426,97	1.250.000,00	1.355.000,00	1.350.000,00	1.400.000,00

### Dotacións para amortizacións

#### Subvencións concedida póla entidade

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIÓNS/ OBXECTIVOS	2009	2010	2011	2012	2013
Convenios coa Administración Autonómica	170.000,00	700.000,00	532.000,00	635.000,00	635.000,00
Convenios con concellos	762.008,82	1.256.000,00	1.221.878,29	1.221.878,29	1.221.878,29
Transferencias a familias e institucións sen fins de lucro	169.475,84	425.000,00	425.000,00	539.679,00	539.679,00
Cursos conducción eficiente	250.752,40	328.242,71	328.242,71	328.242,71	328.242,71
Resolución axudas Enerxías Renovables	1.452.970,84	1.750.000,00	2.935.770,00	3.050.000,00	3.250.000,00
Resolución axudas Aforro e Eficiencia Enerxética	2.657.231,55	3.250.000,00	4.392.931,00	4.500.000,00	4.525.000,00
Plans renove de electrodomésticos, fiestras, vehículos	5.619.090,29	6.200.000,00	2.585.200,00	2.585.200,00	2.585.200,00
Transferencia da recadación do canon eólico ao Tesouro		22.689.100,00	23.000.000,00	23.500.000,00	24.000.000,00
TOTAL	11.081.529,74	36.598.342,71	35.421.022,00	36.360.000,00	37.085.000,00

## I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

### ORIXES

#### *Subvencións de capital recibidas.*

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA CCAA (FONDOS PROPIOS)	2.804.534,2	2.052.040,37	0,00	500.000,00	1.000.000,00
DA CCAA (FONDOS FEDER E COFINANC.)	7.107.327,00	5.835.372,00	3.571.620,00	4.000.000,00	4.500.000,00
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	9.911.861,20	7.887.412,37	3.571.620,00	4.000.000,00	4.500.000,00

#### *Aportacións patrimoniais*

Nos estados contables de 2009 aparece unha aportación patrimonial no cadro de Financiamento de 3.423.522,2 euros que é froito dun axuste proposto polo equipo de auditores externos para corrixir a masa patrimonial do instituto, de xeito que se adecúe ao novo plan contable a integración das transferencias de capital de exercicios anteriores, pero en ningún caso supón entrada adicional de fondos.

APORTACIONES PATRIMONIAIS RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO	0	0	0	0	0
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	3.423.522,2	0	0	0	0
DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)	0	0	0	0	0
TOTAL	3.423.522,2	0	0	0	0

#### *Financiamento alleo a longo prazo*

Non existe financiamento alleo.

#### *Distribución de resultados*

Non existe reparto de dividendos

#### *Remanente de tesourería*

REMANENTE DE TESOURERÍA	2010	2011
1. Dereitos pendentes de cobro	13.656.109,97	7.357.582,06
(+) Do orzamento corrente	7.357.582,06	
(+) De orzamentos pechados	6.298.527,91	7.357.582,06
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		

REMANENTE DE TESOURERÍA	2010	2011
(-) De dubidoso cobro		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
2. Obrigas pendentes de pagamento	250.000,00	300.000,00
(+) Do orzamento corrente	250.000,00	300.000,00
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
3. Fondos líquidos	20.573.485,20	21.935.975,20
I. Remanente de tesourería afectado	27.179.595,17	22.493.557,26
II. Remanente de tesourería non afectado	6.800.000,00	6.500.000,00
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	33.979.595,17	28.993.557,26

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
Gastos de I+D		0,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00
Propiedade industrial	588,43	600,00	1000,00	1000,00	1000,00
Aplicacións informáticas	5.386,37	126.656,00	90.000,00	100.000,00	100.000,00
Outro inmovilizado inmaterial	0,00	10.000,00	9.000,00	10.000,00	11.000,00
Construcións	890.679,33	18.000,00	20.000,00	20.000,00	20.000,00
Outras instalacións	25.202,93	17.000,00	105.000,00	25.000,00	25.000,00
Mobiliario	23.650,4	26.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00
Equipos proceso información	16.764,76	51.000,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00
TOTAL	962.272,22	249.256,00	370.000,00	281.000,00	282.000,00

### Adquisicións de inmovilizado financeiro

Só está previsto realizar unha pequena adquisición no exercicio 2011.

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
ORGANISMO DO S.P.	TIPO ADQ.	2009	2010	2011	2012	2013
		0	0	20.000,000	0	0
	TOTAL	0	0	20.000,0000	0	0

### Financiamento do programa de investimentos e das necesidades de explotación

Non se solicita axuda financeira.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011

INST. ENERXÉTICO DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	<b>A) Inmobilizado</b>	<b>6.451</b>	<b>6.070</b>	<b>5.850</b>
	I. Invetimentos destinados ao uso xeral			
200	1. Terreos e bens naturais			
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral			
208	3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural			
	II. Inmovilizacións inmateriais	157	114	104
210	1. Gastos de Investigación e desenvolvemento	253	253	303
212	2. Propiedade industrial	30	30	31
215	3. Aplicacións informáticas	234	361	451
216	4. Propiedade intelectual	23	23	23
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro			
219	6. Inmobilizado inmaterial	185	195	204
(281)	7. Amortizacións	-568	-748	-908
	III. Inmovilizacións materiais	3.775	3.437	3.207
220, 221	1. Terreos e construcións	3.791	3.809	3.829
223	2. Instalacións Técnicas e Maquinaria	561	578	683
226	3. Mobiliario	701	727	752
227, 228, 229	4. Outro inmobilizado	946	997	1.047
(282)	5. Amortizacións	-2.225	-2.675	-3.105
23	IV. Invetimentos xestionados			
	V. Inmovilizacións financieras	2.519	2.519	2.539
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	1.670	1.670	1.690
252, 253, 257	2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo	847	847	847
260, 265	3. Depósitos e fianzas constituídos a LP	2	2	2
(297)	4. Provisións			
27	B) Gastos a distribuír en varios exercicios			
	C) Activo circulante	27.663	28.118	29.441
	I. Existencias			
30	1. Comerciais			
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34	3. Productos en curso e semiterminados			
35	4. Productos terminados			
36	4. Subproductos, residuos e materiais recuperados			
(39)	6. Provisións			
	II. Debedores	11.060	7.544	7.505
43	1. Debedores orzamentarios	7.615	7.538	7.500
44	2. Debedores non orzamentarios	6	6	5
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
470, 471, 472	4. Administracións públicas	3.551		
550, 555, 558	5. Debedores varios			
(490)	6. Provisións	-112		
	III. Invetimentos financeiros temporais	2.182	2.180	2.500
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo			
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros invetimentos e créditos curto prazo	2.182	2.180	2.500
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo			
(597), (598)	4. Provisións			
57	IV. Tesourería	14.417	18.394	19.436
480, 58	V. Axustes por periodificación	5		
	<b>TOTAL XERAL (A + B + C) ...</b>	<b>34.114</b>	<b>34.188</b>	<b>35.291</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
INST. ENERXÉTICO DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	A) Fondos propios	28.377	32.029	34.583
	I. Patrimonio	45	45	45
100	1. Patrimonio	45	45	45
101	2. Patrimonio recibido en adscrición			
103	3. Patrimonio recibido en cesión			
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición			
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión			
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral			
11	II. Reservas			
	III. Resultados de exercicios anteriores	21.321	28.332	31.984
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	21.321	28.332	31.984
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores			
129	IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)	7.011	3.652	2.554
14	B) Provisións para riscos e gastos			
	C) Acredores a longo prazo	87	87	87
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
150	1. Obrigacións e bonos			
155	2. Débedas representadas en valores negociables			
156	3. Xuros de obrigas e outros valores			
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Outras débedas a longo prazo			
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito			
171, 173, 177	2. Outras débedas			
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira			
180, 185	4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo			
259	III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos	87	87	87
	D) Acredores a curto prazo	5.650	2.072	621
	I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables			
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo			
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables			
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores			
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira			
	II. Débedas con entidades de crédito			
520	1. Préstamos e outras débedas			
526	2. Débedas por xuros			
	III. Acredores	5.650	2.072	621
40	1. Acredores orzamentarios	184	60	60
41	2. Acredores non orzamentarios	38	38	35
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos			
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	5.429	1.974	526
521, 523, 529	5. Outros acredores			
550, 554, 559	6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo			
485, 560, 561, 585	IV. Axustes por periodificación			
	<b>TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...</b>	<b>34.114</b>	<b>34.188</b>	<b>35.291</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
INST. ENERXÉTICO DE GALICIA				
		(En miles de euros sen decimais)		
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
71	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aprovisionamentos			
600, (608), (609), 610	a. Consumo de mercadorías			
601, 602, (608), (609), 611, 612	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
607	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	4.123	3.732	3.847
	a. Gastos de persoal	1.710	1.850	1.900
640, 641	a.1) Soldos e Salarios	1.370	1.475	1.510
642, 644	a.2) Cargas sociais	340	375	390
645	b. Prestacións sociais			
68	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	856	630	590
	c.1 de inmovilizado inmaterial	282	180	160
	c.2 de inmovilizado material	574	450	430
	d. Variacións das provisións de tráfico	112		
693, (793)	d.1 Variacións das provisións de existencias			
675, 694, (794)	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	112		
	e. Outros gastos de xestión	1.477	1.252	1.357
62	e.1 Servicios exteriores	1.475	1.250	1.355
63	e.2. Tributos	2	2	2
676	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados	-31		
661, 662, 663, 665, 669	f.1 Por débedas	1		
666, 667	f.2 Perdas de investimentos financeiros	-32		
696, 698, 699, (796), (798), (799)	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
668	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	11.082	36.598	35.421
650	a. Transferencias correntes	722	23.444	23.941
651	b. Subvencións correntes			
655	c. Transferencias de capital			
656	d. Subvencións de capital	10.359	13.154	11.480
	5. Perdas e gastos extraordinarios	109		
670, 671	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
674	b. Perdas por operacións de endebedamento			
678	c. Gastos extraordinarios			
679	d. Gastos e perdas doutros exercicios	109		
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>15.314</b>	<b>40.330</b>	<b>39.268</b>
	<b>AFORRO</b>	<b>7.011</b>	<b>3.652</b>	<b>2.554</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
INST. ENERXÉTICO DE GALICIA				
PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
	1. Ventas e prestacións de servizos	16	145	150
700, 701, 702, 703, 705	a. Ventas			
705, 741, 743 (708), (709) 71	b. Prestacións de servizos	16	145	150
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	666	23.304	23.400
72, 73, 740, 743	a. Ingresos tributarios		22.689	23.000
773	b. Reintegros	127		
78	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión			
775, 776, 777	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
790	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
760	e. Ingresos de participacións en capital	314	460	295
761, 762	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	6	5	5
	g. Outros xuros e ingresos asimilados	221	150	100
763, 765, 769	g.1 Outros xuros	221	150	100
766	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
768	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	21.637	20.533	18.272
750	a. Transferencias correntes	11.725	12.646	14.700
751	b. Subvencións correntes			
755	c. Transferencias de capital			
756	d. Subvencións de capital	9.912	7.887	3.572
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	5		
770, 771	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
774	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
778	c. Ingresos extraordinarios	5		
779	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>22.325</b>	<b>43.982</b>	<b>41.822</b>
	<b>DESAFORRO</b>			



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
INST. ENERXÉTICO DE GALICIA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
1. Recursos aplicados nas operacións	14.458	39.700	38.678
a. redución de existencias de produtos terminados e en curso			
b. aprovisionamentos			
c. servizos exteriores	1.475	1.250	1.355
d. tributos	2	2	2
e. gastos de persoal	1.710	1.850	1.900
f. prestacións sociais			
g. transferencias e subvencións	11.082	36.598	35.421
h. gastos financeiros	-31		
i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais	109		
j. dotación provisións de activos circulantes	112		
2. Pagos pendentes de aplicación			
3. Gastos de formalización de débedas			
4. Adquisicións de inmovilizado:	996	249	370
a. Destinado ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais	6	137	150
c. Inmovilizacións materiais	956	112	200
d. Inmovilizacións financeiras	34		20
5. Diminucións directas de patrimonio			
a. En adscrición			
b. En cesión			
c. Entregado ao uso xeral			
6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP			
a. Empréstitos e pasivos análogos			
b. Por préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
7. Provisións para riscos e gastos			
<b>TOTAL APLICACIÓNS</b>	<b>15.455</b>	<b>39.950</b>	<b>39.048</b>
1. Recursos procedentes das operacións	12.413	36.095	38.250
a. Ventas			
b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso			
c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais		22.689	23.000
d. Transferencias e subvencións correntes	11.725	12.646	14.700
i. Do Estado	9.399	11.209	12.500
ii. Da comunidade Autónoma	2.167	1.522	2.200
iii. Da UE	160	-85	
e. Ingresos financeiros	540	615	400
f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais	148	145	150
g. Provisións aplicadas de activos circulantes			
2. Cobros pendentes de aplicación			
3. Incrementos directos de patrimonio	3.424		
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	3.424		
iii. Da UE			
4. Transferencias e subvencións de capital	9.912	7.887	3.572
i. Do Estado			
ii. Da comunidade Autónoma	9.912	7.887	3.572
iii. Da UE			
5. Débedas a longo prazo			
a. Empréstitos e outros pasivos análogos			
b. Préstamos recibidos			
c. Outros conceptos			
6. Alleamento de inmovilizado			
a. Destinados ao uso xeral			
b. Inmovilizacións inmateriais			
c. Inmovilizacións materiais			
d. Inmovilizacións financeiras			
7. Cancelación ou traspaso a CP de inmovilizacións financeiras			
<b>TOTAL ORIXES</b>	<b>25.749</b>	<b>43.982</b>	<b>41.822</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2011			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
INST. ENERXÉTICO DE GALICIA			
CADRO DE FINANCIAMENTO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2009	ESTIMADO 2010	ORZAMENTO 2011
<b>Aumento/Diminución de Capital Circulante</b>	<b>10.294</b>	<b>4.033</b>	<b>2.774</b>
<b>VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE (aumentos(+)/ diminucións (-))</b>			
1. Existencias			
2. Debedores	10.566	-3.516	-39
a. orzamentarios	7.277	-77	-38
b. non orzamentarios	-31		-1
c. por administración de recursos doutros entes	3.319	-3.439	
3. Acredores	202	3.579	1.450
a. orzamentarios	164	124	
b. non orzamentarios			3
c. por administración de recursos doutros entes	38	3.455	1.447
4. Investimentos financeiros temporais	-705	-2	320
5. Empréstitos e outras débedas a curto prazo			
a. empréstitos e outras emisións			
b. préstamos recibidos e outros conceptos			
6. Outras contas non bancarias			
7. Tesourería	232	3.977	1.042
a. Caixa			
b. Bancos	231	3.977	1.042
8. Axustes por periodificación	-1	-5	
<b>Total Variación do Capital Circulante</b>	<b>10.294</b>	<b>4.033</b>	<b>2.774</b>